Proceso selectivo: escala básica, categoría POLICÍA LOCAL. Provisión por mobilidade.
Publicación bases e convocatoria: DOG número 143 do 31.7.2026
Publicación nomeamento tribunal: DOG número 195 do 14.10.2026

Resolución do 9 de novembro de 2026 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario de acceso por provisión por mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado pola Orde do 21 de xullo de 2026, pola que se lle dá publicidade á baremación provisional dos méritos e dos criterios aplicados.

1. A Orde do 21 de xullo de 2026 (DOG núm. 143, do 31 de xullo de 2026) aprobou as bases xerais reguladoras e convocou o proceso selectivo de acceso por oposición libre (PR461B) e o proceso de provisión por mobilidade (PR461D) nos corpos de Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía.

Esta resolución refírese exclusivamente ao proceso de provisión por mobilidade (PR461D).

2. O tribunal foi nomeado pola Resolución do 8 de outubro de 2026 (DOG núm. 195, do 14 de outubro) e constituíuse o 15 de outubro de 2026 co quórum esixido na base 5.5. Reuniuse nas sesións do 15 de outubro e seguintes, ata a do 5 de novembro de 2026, de todo o cal consta acta.

3. Os criterios de interpretación e aplicación do baremo que se recollen no Anexo I foron acordados por unanimidade na sesión do dia 5 de novembro de 2026, unha vez revisados todos os expedientes.

Na sesión que tivo lugar o día 5 de novembro de 2026, este Tribunal, de conformidade coas bases da convocatoria adoptou os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 15 de outubro de 2026.

SEGUNDO: Publicar como anexo II a esta resolución a baremación provisional coa indicación da puntuación obtida por cada persoa en cada epígrafe e a puntuación total por orde decrecente da puntuación.

TERCEIRO: Facer públicos os criterios adoptados por este Tribunal por unanimidade, que constan no Anexo I. Estes criterios non modifican as bases da convocatoria deste proceso, limitándose a aplicar o Anexo VI e a base 8.2, así como a concretalos nos aspectos que a convocatoria non detalla, coa súa xustificación.

CUARTO: Ao abeiro do previsto na base 8.3 da convocatoria, concédese un prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Agasp, para formular reclamacións ante este Tribunal contra a baremación provisional contida no Anexo II.

As reclamacións presentaranse a través da Carpeta cidadá da sede electrónica da Xunta de Galicia (base 3.8.2), co código de procedemento PR461D.

Non se valorarán méritos novos nin os non acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes (base 8.2.a e 8.2.b).

QUINTO: Se da resolución das reclamacións se deducise un erro que afecte a outras persoas aspirantes, darase audiencia ás persoas interesadas por un prazo de cinco días hábiles (base 8.4).

SEXTO: Esta resolución publícase na páxina web da Agasp. Por se tratar dun acto de trámite, non cabe recurso independente contra ela (artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro), sen prexuízo de formular reclamación e de interpoñer recurso de alzada contra a baremación definitiva ante a Dirección Xeral da Agasp (base 5.10).

O Anexo II identifica as persoas aspirantes de forma limitada, conforme á normativa de protección de datos.

A Estrada, 6 de novembro de 2026

A presidenta do tribunal,
Paula Cajaraville Leiro

Asinado por: CAJARAVILLE LEIRO, PAULA
Cargo: Fiscal
Data e hora: 09/11/2026 18:08:24

CVE: Oq20WCosB7
Verificación: https://sede.xustiza.gal/cve

Proceso selectivo: escala básica, categoría POLICÍA LOCAL. Provisión por mobilidade.
Publicación bases e convocatoria: DOG número 143 do 31.7.2026
Publicación nomeamento tribunal: DOG número 195 do 14.10.2026

ANEXO I

CRITERIOS DE BAREMACIÓN

O tribunal aplica a Orde do 21 de xullo de 2026 (base 8 e Anexo VI), a normativa que esta remite e, para a equivalencia de titulacións e idiomas, a normativa do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes; onde a convocatoria deixa marxe de apreciación, o tribunal explica o criterio e aplícao por igual a todas as persoas aspirantes.

Epígrafe 1. Titulacións académicas oficiais

- Valóranse só as titulacións e diplomas oficiais, isto é, os recoñecidos polo Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, segundo o seu nivel no MECES: doutoramento (3,00), máster (2,00), grao (1,50) e técnico superior (0,50).
- **Non se valora a titulación esixida para o acceso á categoría, salvo que se achegue máis dunha (base 8.2.c).**
- Titulacións dependentes. Non se valoran as titulacións necesarias para acceder a outra superior xa valorada (base 8.2.c). De varias titulacións encadeadas valórase só a de maior nivel.
- Titulacións independentes**.** As que non son necesarias unha para outra valóranse todas e acumúlanse.

Exemplo:
- Grao e máster, tendo o grao como vía de acceso ao máster: valórase só o máster (2,00).
- Grao, máster e doutoramento encadeados: valórase só o doutoramento (3,00).
- Dous másteres independentes: valóranse ambos (2,00 + 2,00).

Epígrafe 2. Antigüidade como persoal funcionario de carreira

- Valórase a antigüidade como persoal funcionario de carreira: 0,20 puntos por ano en corpos de policía local; 0,10 en outros corpos de seguridade; e 0,05 noutros corpos de calquera administración pública. A fracción superior a seis meses computa como un ano.
- O epígrafe esixe o carácter de **funcionario de carreira**; polo tanto, non se valoran os servizos prestados como persoal interino nin como auxiliar de policía local.
- Cómputo**.** Valóranse os servizos prestados ata o peche do prazo de solicitudes (2.9.2026).

Epígrafe 3. Formación profesional e docencia

3.1 Que cursos se valoran

- Valóranse os **cursos e actividades impartidos ou conveniados pola Agasp ou homologados por ela**, e a **docencia**, coas puntuacións do Anexo VI.

- **Exclusións expresas** da base 8.2.c: os cursos obrigatorios que forman parte do proceso de selección (incluído o curso selectivo), os cursos repetidos (agás que transcorrese un período de cinco anos desde a finalización do primeiro curso) e os cursos necesarios para obter titulacións xa valoradas no epígrafe 1.

3.2 Formación e docencia posterior á toma de posesión como funcionario de carreira

O tribunal valora a formación e a docencia realizadas **desde a toma de posesión como persoal funcionario de carreira.**

- O epígrafe 3 chámase "formación profesional e docencia". A formación profesional dunha persoa funcionaria de carreira é a que recibe no exercicio da súa profesión.
- O epígrafe 2 valora a antigüidade como persoal funcionario de carreira; o epígrafe 3 valora a dimensión formativa nese mesmo período, de xeito coherente.
- O principio de mérito e capacidade no emprego público (artigo 103.3 da Constitución e artigo 55 do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público) esixe que os méritos garden relación coas funcións a desempeñar. A formación anterior ao ingreso non é un mérito adquirido no desenvolvemento da profesión.

Asinado por: CAJARAVILLE LEIRO, PAULA
Cargo: Fiscal
Data e hora: 09/11/2026 18:08:24

CVE: Oq20WCosB7
Verificación: https://sede.xustiza.gal/cve

- O epígrafe valora tanto cursos da Agasp como homologados e outros de entidades alleas, polo que o criterio non depende do organismo que imparte a formación.
- A disposición adicional segunda da Orde do 6 de outubro de 2020 prevé a homologación, "a efectos de baremo de méritos para a promoción interna e mobilidade", dos cursos de formación profesional continua que supere o persoal funcionario dos corpos de policía local. Isto confirma que o baremo ten en conta a formación profesional continua do persoal funcionario.

3.3 Límite diario de formación e cursos solapados

Base 8.2.c.: ***Non se baremarán os cursos que coincidan total ou parcialmente no tempo, salvo que se acredite a compatibilidade horaria co diploma ou certificado de cada curso (horario de inicio e fin de cada sesión, días lectivos e horas diarias). Tampouco os que, coincidindo nas mesmas datas, teñan o mesmo número de horas ou cuxa suma horaria diaria faga inviable a súa realización efectiva; neses casos valórase o de maior duración.***

A base non concreta a partir de que suma diaria a realización é inviable. Para aplicala con igualdade, o tribunal toma como referencia o artigo 4.1 da Orde do 6 de outubro de 2020 (DOG núm. 209, do 16 de outubro), pola que se desenvolve o Decreto 59/2012, do 19 de xaneiro, sobre homologación de cursos pola Agasp: nos cursos presenciais a xornada lectiva non pode superar as 8 horas, e nos cursos en liña a proporción é dunha hora lectiva acreditada por día de duración. En consecuencia, considérase inviable unha dedicación formativa superior a **8 horas diarias**, e cada curso en liña ocupa como máximo **1 hora por día** dese límite. Aplícase a mesma referencia aos cursos organizados pola propia Agasp, que serven de referencia para os requisitos non previstos expresamente (disposición adicional primeira da orde).

O tribunal **non exclúe o curso completo, senón que detrae só as horas que superan o límite**, por ser a solución máis respectuosa co mérito acreditado e proporcionada, aplicada a todas as persoas por igual:

1. Identifícase cada bloque: período continuo de días naturais no que coinciden dous ou máis cursos
2. O límite do bloque é o número de días naturais x 8 horas.
3. Súmanse as horas acreditadas dos cursos do bloque; se un curso abrangue varios bloques, repártense as súas horas en proporción aos días.
4. Se a suma supera o límite, réstase o exceso, actuando sempre en beneficio da persoa solicitante (é dicir, sempre restando os cursos que menos puntuación poidan sumar). Esta orde segue o da base 8.2.c, que prima o curso de maior puntuación.

Exemplo (real)

Análisis forense digital de terminales móviles	31/07/25	25/08/25	20	0,30
Ciberseguridad para usuarios	31/07/25	25/08/25	20	0,30
Actualización de tráfico Nivel 1	31/07/25	22/08/25	21	0,50
Actualización de tráfico Nivel 2	31/07/25	22/08/25	21	0,50
Aplicación policial de la Ley de Juegos de Galicia	31/07/25	22/08/25	21	0,50
Gestión de permisos y autorizaciones con Drones	31/07/25	25/08/25	21	0,50
Google Earth para diseño de operativos	31/07/25	22/08/25	21	0,50
Intervención Policial con Drones	31/07/25	25/08/25	21	0,50
La doctrina jurisprudencial en la detención	31/07/25	22/08/25	21	0,50
La doctrina jurisprudencial en la prueba de alcoholemia	31/07/25	22/08/25	21	0,50
La doctrina jurisprudencial en la prueba de drogas	31/07/25	22/08/25	21	0,50
La doctrina jurisprudencial en los controles de velocidad	31/07/25	22/08/25	21	0,50
La orden de protección en Violencia de Género	31/07/25	22/08/25	21	0,50

Asinado por: CAJARAVILLE LEIRO, PAULA
Cargo: Fiscal
Data e hora: 09/11/2026 18:08:24

CVE: Oq20WCosB7
Verificación: https://sede.xustiza.gal/cve

Procedimiento Sancionador de Tráfico. NIVEL 1	31/07/25	25/08/25	21	0,50
Procedimiento Sancionador de Tráfico. NIVEL 2	31/07/25	25/08/25	21	0,50
Procedimiento Sancionador de Tráfico. NIVEL 3	31/07/25	25/08/25	21	0,50
Actuación policial en casos de Ciberbullying	31/07/25	11/09/25	41	0,65
Administración electrónica, certificado digital y factura electrónica	31/07/25	19/09/25	41	0,65
Aplicación de la Prevención de Riesgos Laborales en los Servicios de Extinción de Incendios y Salvamento	31/07/25	11/09/25	41	0,65
Básico de elaboración de documentos administrativos	31/07/25	11/09/25	41	0,65
Elaboración de croquis con Autocad. Nivel 1	31/07/25	22/08/25	41	0,65
Elaboración de croquis con Autocad. Nivel 2	31/07/25	22/08/25	41	0,65
Extracción de anillos compresivos en situaciones de urgencia	31/07/25	11/09/25	41	0,65
IA Aplicada a la Ofimática para Oficinas	31/07/25	11/09/25	41	0,65
Inspección y Regulación Urbanística para la Policía Local	31/07/25	11/09/25	41	0,65
Inteligencia Artificial. Complemento en las investigaciones	31/07/25	10/09/25	41	0,65
Intervención policial con menores	31/07/25	10/09/25	41	0,65
Investigación Causal de Incendios	31/07/25	11/09/25	41	0,65
Investigación policial online. EL HASH	31/07/25	10/09/25	41	0,65
Juicios Rápidos: Guía esencial para la actuación policial	31/07/25	11/09/25	41	0,65
La figura policial en la mediación escolar	31/07/25	11/09/25	41	0,65
La nueva regulación de la Libertad Sexual	31/07/25	11/09/25	41	0,65
La potestad sancionadora en la Administración	31/07/25	11/09/25	41	0,65
La prueba testifical	31/07/25	11/09/25	41	0,65
Las cadenas de bloques en las investigaciones online. Blockchain	31/07/25	10/09/25	41	0,65
Ley 4-2015. Enfoque policial práctico	31/07/25	11/09/25	41	0,65
Mediación policial	31/07/25	10/09/25	41	0,65
Metodología de Redacción y Aplicación de Procedimientos de Actuación en los servicios de emergencia	31/07/25	11/09/25	41	0,65
Normativas e instalaciones de prevención de riesgos de incendios y emergencias	31/07/25	11/09/25	41	0,65
Policía Local de Galicia: Régimen Jurídico y Desafíos Actuales	31/07/25	11/09/25	41	0,65
Propiedad intelectual y derechos de autor	31/07/25	19/09/25	41	0,65
Protocolo y Práctica Policial ante la Violencia de Género	31/07/25	11/09/25	41	0,65
RD 517-2024. Nuevo escenario para UAS	31/07/25	10/09/25	41	0,65
Reciclaje de Derecho Administrativo	31/07/25	19/09/25	41	0,65
Recogida y conservación de evidencias digitales	31/07/25	10/09/25	41	0,65
Redes sociales. Barreras a la información	31/07/25	10/09/25	41	0,65
Seguridad en dispositivos móviles Android e IOS	31/07/25	11/09/25	41	0,65

Asinado por: CAJARAVILLE LEIRO, PAULA
Cargo: Fiscal
Data e hora: 09/11/2026 18:08:24

CVE: Oq20WCosB7
Verificación: https://sede.xustiza.gal/cve

Violencia de Género Digital	31/07/25	10/09/25	41	0,65
Visión policial de la Ley Estatal de Protección Animal	31/07/25	11/09/25	41	0,65

Horas realizadas no período do 31.07.2025 ao 19.09.2025: 1687 horas.
Días naturais no período do 31.07.2025 ao 19.09.2025: 50 días.
Horas máximas computables de formación por día natural: 8 horas.
Horas computables no período do 31.07.2025-19.09.2025: 50 días x 8 horas/día= 400 horas.
Exceso horas de formación neste período: 1687 – 400 = 1287 horas.
Neste caso detráense 1270 horas neste período, equivalentes a 30 cursos de 41 horas e 2 cursos de 20 horas.

Epígrafe 4. Distincións e recompensas oficiais

- A normativa de aplicación é o capítulo III do título VIII do Decreto 15/2023 .
- Valóranse as distincións outorgadas polo **órgano colexiado competente do concello, que é o Pleno ou, de ser o caso, a Xunta de Goberno Local**, segundo o regulamento de honores e distincións do concello. Non se valoran as concedidas polo alcalde ou alcaldesa, por ser un órgano unipersoal.
- **Outros corpos.** As medallas **doutros corpos deben ser ao mérito policial**, como indica o Anexo VI.
- **Non puntúan os distintivos de permanencia ou antigüidade, nin se valora máis dunha distinción polo mesmo feito.**

Epígrafe 5. Idiomas

- Regra xeral (base 8.2.c). Cada idioma valórase unha única vez, **polo nivel máis alto acreditado.** Idiomas distintos suman.

- Puntuación (Anexo VI). A2: 0,65. B1: 1,00 (ciclo elemental ou nivel intermedio anterior) ou 1,30 (titulación B1 actual). B2: 2,00. C1 e C2: 2,00, que é a puntuación máxima da orde.

- Equivalencias. As titulacións acredítanse polo seu nivel no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), segundo a normativa estatal de equivalencias

  Exemplo. Unha persoa que presenta un B1 e un B2 de inglés e un A2 de francés: do inglés valórase só o B2 (2,00) e do francés o A2 (0,65). Total: 2,65.

Epígrafe 6. Lingua galega

- Valórase só o título de **maior nivel acreditado**, partindo do título superior ao esixido para o ingreso na categoría (Celga 4), cun máximo de 2 puntos.
- O Anexo VI puntúa o curso de linguaxe administrativa de nivel medio (1,50) e o de nivel superior (2,00).
- Non se valora o Celga 4. Para os títulos superiores aplícase a táboa de equivalencias da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Asinado por: CAJARAVILLE LEIRO, PAULA
Cargo: Fiscal
Data e hora: 09/11/2026 18:08:24

CVE: Oq20WCosB7
Verificación: https://sede.xustiza.gal/cve